Resumo

Unidade 3

A Literatura Medieval abrangue unha cronoloxía practicamente coincidente co que se entende por época feudal:

Caída do Imperio Romano de Occidente		Caída en mans dos turcos do Imperio Bizantino
(século V)	→	(século XV)

A caída do Imperio Romano occidental ten causas esóxenas e endóxenas:

- Esóxenas: chegada de pobos foráneos ao propio imperio (os denominados *bárbaros* polos romanos)

- Endóxenas (crise interna xeneralizada nos dous últimos séculos). A ano 476, no que Odoacro destitúe o derradeiro emperador romano Rómulo Augústulo, marca a fin dunha etapa histórica e o comezo doutra. A incidencia do cristianismo vai condicionar a produción cultural en grandísima medida. O código de valores, que deriva, en última instancia, do mesmo sistema feudal, recollerá a concepción teocéntrica e xeocéntrica.

A fragmentación do Imperio Romano occidental vai dando lugar á formación de distintos reinos que, paulatinamente, van asistir ao nacemento de novas linguas procedentes do latín: **as linguas románicas** e as súas literaturas.

Destacan na etapa medieval, pola repercusión literaria, varios momentos relevantes:

- O Imperio Carolinxio no século IX

- A súa descomposición

- O esplendor cultural do século XII

- O nacemento das universidades

- A propia evolución do imperio de oriente ata a súa caída, etc.

No aspecto literario, loxicamente cunha dinámica que corresponde aos distintos procesos históricos, destaca a literatura latina que se produce con vigor e, en xeral, cos contidos do novo sistema: a cuestión da relixión, a lexitimación do modelo socioeconómico –pensemos na épica, a literatura relixiosa, os tratados teóricos, etc.–, e cun predominio da finalidade moralizadora. Así, temos importantes mostras desde as obras da antigüidade tardía, na que destacaron os *pais da Igrexa*, pasando por destacados escritores como Boecio, Gregorio de Tours, Martiño de Dumio, ou, xa na época carolinxia, o esplendoroso momento de Alcuíno de York; ou a impresionante produción cultural e literaria do século XII galego, a grande época de Xelmírez, referencia en toda Europa, ata chegar ao século XIII, o tempo de Tomé de Aquino e a escolástica, por citarmos algúns dos moitos momentos de brillo literario en latín, lingua na que tamén se dá unha liña en que a parodia e a crítica prevalecen, por exemplo coa literatura goliardesca.

Mais ao tempo nacen as linguas fillas do latín coas correspondentes literaturas en todos os xéneros. Así, temos grandes obras da literatura épica, como o caso dos cantares de xesta franceses –por exemplo, o *Cantar de Roldán* (fóra das literaturas románicas destaca a épica xermánica, por exemplo co *Cantar dos Nibelungos*). O mesmo acontece coa lírica, tanto popular coma culta, na que destaca a provenzal do *amor cortés*, que tanto influíu noutras áreas culturais, ou a lírica galego-portuguesa, coas cantigas de amigo, amor, escarnio e maldicir.

É no xénero da lírica onde merece especial atención o movemento renovador italiano do *dolce stil nuovo*, culminado en Dante e Petrarca, autores, respectivamente, da *Divina Comedia* e o *Cancioneiro*, que representan, mirando como deuses xanos cun dobre rostro para atrás e para adiante, a fin dunha época e o comezo doutros aires que se respirarán cos humanistas do Renacemento.

Tamén a narrativa medieval, coas súas *roman* paródicas (*Roman de Renart)* e as novelas de cabalerías e voces tan importantes como, por exemplo, Chrètien de Troyes co seu mundo artúrico, ou o conto representado con maiúsculas por Dante e Boccaccio, acadan elevadísimas cotas de calidade estética.

En canto ao teatro, baste simplemente citar os nomes de dúas mulleres, Rosvita e Hildegarde de Bingen, para admirar potentes personalidades e obras moi significativas para a historia do discurso feminino, nun contexto tan dominantemente *masculino* como o medieval.